

Francisco Oti Ríos

SEGUNDO RICARDO TERCEIRO

A
W. Shakespeare
e
M. Guede

Chámome Segundo...

Segundo Ricardo...

Segundo Ricardo Terceiro, cidadán de primeira con pasaporte diplomático, con pasaporte..., con pasaporte renovado... innecesario pasaporte que me dá patente de corso, patente de corso neste porto con zona franca... neste reino de contedores baleiros, neste reino de contedores baleiros amoreados en torres rectangulares, de contedores que son nichos neste camposanto de estadeas animadas...

Son preciso coma un pantógrafo, coma un pantógrafo articulado que marca os camiños deste plano mundo con precisión buscando esa unión dos puntos con liñas vermellas e negras; non, non é necesario que me achaquedes a min a elección das cores destes camiños trazados; deberían ser azuis, pero a nobreza esgotou a cor do ceo e agora que AS NOSAS FRONTERAS COMPARECEN COS LOUREIROS DO TRIUNFO; engalanados, perfumados e aseados; agora, seguimos sendo unha merda, unha merda engalanada nun lugar de merda, nun país de merda, nun continente de merda, nun mundo de merda, e agora, nestas merdas globalizadas é preciso cambiar de estratexias; mudar de hábitos; reactivar as tácticas; renovar os aliados; remexer na merda para que pareza outra, e poder continuar rexendo o destino destes reinos de merda, coas súas merdentas nobrezas, cos seus enlarafuzados patrimonios e cos seus merdeiros súbditos para seguir fodendo; foder no velorio para consolar á viúva, foder coa espada na man aínda manchada de sangue quente; esa espada que entra e sae do corpo quente para logo ciscar o sangue coma se fose seme.

Mirade!

A miña espada non exacula seme,

exacula sangue,

sangue seco,

sangue frío,

sangue derramado polas esquinas desa sombra que habita,

dese cárcere fodido,
no feudo deste antroido entronizado;

Óense polo baixo balbordos de xentío indignado que se transforman en ladridos de cans salvaxes.

Non son os cans que me ladran cando paso. Non! Son eu que os provocho, son eu que vou marcando o territorio con este sangue isotópico, con este sangue fosforescente que vou espaxando para estercoar esta merda, esterco de rei para transformar o reino nunha estadea; en miles de estadeas errantes que van acompañadas en procesión polos séculos dos séculos.

O xentío que foi subindo de ton remata dicindo: AMÉN

Para lembraros que un can mal feito, que un *pit bull* vello e tolo con máscara de aristócrata, está disposto, disposto para atacar, disposto a mandar, disposto a asasinar, disposto a loitar...

Un ser disposto que se vinga nos demais porque se odia a si mesmo, porque a natureza non o dotou das condicións mínimas de agrado, coas condicións mínimas de beleza, coas condicións mínimas...

Son un humano malfeito,
atravesado,
torto,
que me odio,
que te odio,
que odio á humanidade engaiolada neste inferno compartido.
Non escoito,
Berro Ricardo...

O eco devólvelle o Ricardo a Segundo.

e falo,
falo...
falo comigo mesmo

Quen escoita agora o clamor indignado?
Pode un reino sustentarse sen lacaios?
agora, AGORA que estabamos vivindo un GLORIOSO VERÁN
POR CULPA DESTE SOL DE NOVA YORK; agora, neste tempo
de crítica e fodida bonanza na que os perigos asoman desde as
xanelas dos ollos; agora que a indignación tomou as rúas; agora,
nestas situacións límites síntome vixiado,
e debo procurar novas estratexias;
haberá que revisar as constitucións,
haberá que ter xestos de bonanza
haberá que desmantelar Guantánamo
haberá...

Volven a oírse polo baixo balbordos de xentío indignado.

e todos berraremos
diante do infortunio
de ser privados da liberdade.
Berrarán os presos dos cárceres,
berrarán os súbditos árabes,
berrarán os haitianos,
os italianos, berrarán,
os chechenos, berrarán,
os chineses, berrarán,
berraremos os xaponeses,
berraremos os europeos,
berraremos os americanos,
berraremos os cubanos...
berraremos todos...

como unha voz única que clama xustiza neste deserto,
como unha voz que pide UN CABALO!

Voces do xentío: Un caballo! Un caballo! Un caballo!...

QUE NOS TRAIAN UN CABALO!
UN CABALO!
O MEU REINO POR UN CABALO!

Calade!

Os balbordos cesan.

So eu teño dereito a suplicar un cabalo.

Un cabalo, esixo un cabalo, aínda que sexa de carrusel...

Un cabalo que me leve arredor do reino.

Un cabalo nesta feira de atraccións.

Un cabalo dun carrusel.

Mirádeme!

Quero que todos me vexades, que admiredes a lúcida coroa de espiñas douradas que me identifica, que ilumina os meus pensamentos...

OH, CONCIENCIA COVARDE, COMO ME ATORMETAS!

Que?...

Que me dis?

Que non hai mundo?

Que non hai reino?

Que me dis miña conciencia?...

Que tampouco hai conciencia...?

Bah!...

Saca unhas bragas do peto e ponse a ulilas.

Menos mal que aínda nos queda o amor.

Acariñando as bragas na cara.

Querida Ana...

Ah! Miña querida Ana.

Se ti estiveses aquí para consolarme.

Se estiveses aquí diríache:

Querida Ana de telo sabido poderíamos ter evitado a morte do teu marido.

Meu pobre...

Que dis?

Aínda te revelas...?

Equivócaste Ana,...

Garda as bragas.

Nin vou marchar.
Nin son o inmundo satanáas.
Nin este lugar é o inferno.
Desde cando o inferno se chama mundo?
Desde cando a riqueza non é a paisaxe da morte?
Desde cando a miseria se pode valer por si mesma?
Desde cando?...

Desde cando, Ana, non gozas coa miña erótica espada erguida para fender este mundo que se abre aos teus pés?...

Non Ana, no inferno non.

AÍNDA HABERÍA OUTRO LUGAR NO QUE ME SENTIR MÁIS A GUSTO.

A TÚA CAMA...

Pero iso agora xa non pode ser.

Desgraciado RICARDO!

DESGRACIADA INGLATERRA!

Desgraciado mundo.

Que razón tiñan as túas palabras

QUE TODOS OS INSOMNIOS TE PERSIGAN ALÍ ONDE TE DEITES!

O teu cuspe envelenoume.

A túa beleza envelenoume.

O teu corpo envelenoume.

Infestado de veneno tramei a morte do mundo para ofrecercho aos teus pés, e pagáchesme con iso, nin sequera puiden pasar UNHA HORA AO ABRIGO DO TEU PEITO.

Eu que crin terte engaiolada, que crin no poder da lingua espada.

Véxote agora xurdir dos suburbios abandonados, das prazas de maio, das concentracións indignadas...

Xordes de novo coma un reloxo suízo

Óese un tictac de reloxo amplificado.

rexurdindo das cinzas

para contar os segundos, os minutos, as horas que faltan para a

miña morte.

Véxote erguendo a bandeira da liberdade, rumoreándolle aos cabalos na orella: non acudades cando vos chame...

ÁNDACHE BEN RARO O MUNDO!

Cesa o tictac.

Fálalle a un cartel de campaña electoral pegado nun dos contedores.

Si, meu querido Hastings, eu tamén AGOIRO QUE VIRÁN TEMPOS TERRIBLES, INFAMES TEMPOS QUE NINGÚN TEMPO CHEGOU A VIVIR NUNCA...

Óese unha voz vella que di R I - C A R - D O con espectral son.

Pero quen anda aí?

Que se atreve a articular o meu nobre apelido, neste nobre porto.

Quen se agocha dentro deste nobre contedor inglés.

Que nobre porcelana fina importada de oriente se atreve a me arremedar?

De novo a voz vella deletrea R I C A R D O con espectral son.

Ah! Recoñezo esa voz. Es ti vella Raíña, flor ruín,.

Xa volviches de cazar elefantes?

Que reclamas?

Desde cando era teu?

Eu mírote desafiante Raíña tola,

non che teño medo... nin che debo fillos... nin patrias... nin lealdades.

Non son da túa propiedade.

Non te equivoques.

A Voz: DEPRADOR?

Que dis?

A Voz: PORCO BRAVO?

Non estarás a referirte a min verdade,

A Voz: ESCARNIO DA NATUREZA?

non me recoñezo...

A Voz: FILLO DAS TEBRAS?

perdes o tempo Raíña vella.

A Voz: ABORTO FUCIÑENTO?

C a l a x a v e l l a t o l a !

A voz cesa.

Eu merendo cos teus insultos déitoos en pan de boroa e engulo todo con sal e pementa e o que sobra doullo aos porcos, aos mesmos porcos que ti criaches, aos mesmos porcos que te serven, aos que te homenaxean, aos que te aman... Doulles margaridas aos porcos que teño amoreados naquel contedor, si aquel que ten un dobre fondo no que agochamos a pasta, así sae mellor, pasta de coca con sabor a xurro e chourizos de porco con sabor a cabalo... o negocio é o negocio,

Fálalle a un cartel electoral pegado nun contedor

ÁNDACHE BEN RARO O MUNDO!

Si, meu querido Hastings, eu tamén AGOIRO QUE VIRÁN TEMPOS TERRIBLES, INFAMES TEMPOS QUE NINGÚN TEMPO CHEGOU A VIVIR NUNCA...

Pero eu debo estar preparado, DEBO AGRADECERLLE AOS CEOS A MIÑA HUMILDADE.

É necesario manter a calma.

Sóalle o Ipad

Ao Choio! Que hai moito que facer.

Mentres whatsappea co Ipad

Xa chegou o contedor de armas que imos vender mañá. É rendible ter unha zona franca no porto do mundo. Surtir de contrabando aos súbditos é a obrigación de todo gobernante e neste porto dispoñemos de miles de contedores, de millóns de oportunidades innecesarias, de centos de ofertas de rebaixa. Xa ves meu pobo, non deixo de pensar en ti adiantándome aos acontecementos. Sei das vosas necesidades e se algún non concorda coas miñas doutrinas que podo facer. Que podemos facer? Meus queridos amigos... Pois claro cortarlle a súa linda cabeza e logo choraremos a súa morte mesmo capturaremos a algún que fose culpable de tal tropelía.

Aromas de comida enchen o espazo

Pero non demorem! VEÑA, XA VAI SENDO HORA DE CEAR!
CONVÉN ALIMENTAR OS NÓSOS EXCESOS CUNHA BOA DI-
XESTIÓN. Entremos no contedor restaurante. A ver que temos
hoxe para cear? Espuma de nobres cadáveres en cadaleitos de
salsa rosa que levan tempo agardando por un príncipe badoco
que os libere dese prato fondo... Ensalada morna de secretos de
estado! Sopa de letras de cambio! Tropezóns de raíñas lavercas!
Bo menú! E para beber: nobre sangue destes viñedos...

Logo de tan boa cea so podemos rematar a faena cun coro de pu-
tas finas... Traédeme UN ESPELLO DE CONTADO...

Que! Que non quedan espellos pero se fixemos máis de cen copias
para cadanseu espantallo adornadas cada unha coa bandeira patria...

Voces: Fachendoso

Fachendoso?

Voces: Sátrapa

Sátrapa?

Voces: Fillo de puta

Eu?... Nunca máis lonxe da realidade...

O Mundo está cheo de demócratas, que concorren coma min á
democrática elección da súa puta preferida.

Veña! Sexamos demócratas!

Que todo se faga por sufraxio.

Consultemos ao pobo.

Presentemos candidaturas.

Eu preséntome a min mesmo.

Eu bótome a min mesmo.

Eu fágome o reconto a min mesmo.

Botos a favor de min mesmo?

Botos en contra de min mesmo?

Por unanimidade quedo elixido por min mesmo.

E agora non vos queixedes.

A elección foi democrática.

En concorrencia competitiva.

Coma en todas partes... non hai tempo que perder

Mario... José María... José Luís... Mariano... Fidel... Hugo... Silvio... Nicolás... Ángela... Vladimiro...

QUE TAL? COMO ANDA TODO, MEUS AUDACES AMIGOS? DISPOSTOS XA A TRAMITAR O ASUNTO? Claro, que preguntas teño, verdade. Vós sempre tan dispostos; SEN PIEDADE! Quero que actuedes sen piedade. NON SE VOS OCORRA DARLLE CRETO ÓS SEUS LAMENTOS! el É ELOCUENTE E PODERÍA-VOS CONVENCER! Así me gusta que sexades ben mandados... ao choio... ADMIRABLE TAREFA, si señor!

Voces: Recorta! Lexisla!

Por que non pechas a boca...

Sosega, sosega, meu querido mundo financeiro.

Todos temos motivos certos para chorar os casos de ocaso.

Pero non é con bágoas como se curan as nosas feridas.

Pídoche perdón meu fondo monetario internacional!

De xeonllos e humildemente solicito a túa bendición.

Hei aprender, lévoo facendo desde que existo, e son máis vello que a humanidade...

De que vos queixades, aí tendes eses barcos cargados ate a liña de flotación, dispostos para facer cadansúa travesía...

Vós repartide esmolas que eu abrirei a billa dos condutos enerxéticos.

Que consuman. Que paguen, que todos saímos ganando... e, se lles entran dúbidas, que deus os escoite, que se acollan á palabra do santo pai... á palabra do señor sempre disposto e a tempo; e cando a desesperación e superior confiemos no televisor,

ou nas forzas da natureza sempre tan oportunas...

E non vos esquezades, agora somos demócratas.

Fomos elixidos democraticamente.

Volve a falarlle ao cartel.

Hai que acomodarse aos tempos meu querido Catesby!

Que qué me move?...

Móveme...

Ese desexo irrefreable
Do gañador.
Do xefe da manada
que necesita borrar
toda marca de ADN
do seu malparado
antecesor...
Malditos!
Fillos dunha cadela!
O can Segundo está rabioso.
O can Segundo vai morder.
Quere trabar neses corpos inzados de suor polo amor á patria.
neses corpos de futuros asasinos.
neses corpos de traidores inconfesos.
Correde!
Fuxide ao carón das vosas nais...
Malditos fillos de puta.
Tomades demasiados tranquilizantes
E iso non axuda para gañar unha guerra.
Demasiadas complicacións para render coma soldados
Coma soldados uniformados con eses traxes que vos igualan.
Eu son o único que vos ama
Malditos!
Este porco bravo ama ao seu pobo.
Este porco bravo coida do seu pobo.
Este porco bravo defende ao seu pobo.
Quen é o porco bravo?
É un heroe coroadado.
Coma seu irmán.
Coroadado con crisantemos,
coma seu irmán.
Coma seu irmán.
Que baila a danza da morte,

entre miles e miles de esqueletos
dunha España podre. Dunha Europa podre. Dunha América podre.
Dunha Asia podre. Dunha Rusia podre. Dun mundo podre. Dun
universo podre.
Dun home podre.
Dunha muller podre.
Dun diñeiro podre.
Duns uniformes podres.
Duns empresarios podres.
Dunhas ideas podres.
Miserable mundo podrecido!
Non me mereces...
Son Segundo,
Segundo Ricardo,
Segundo Ricardo Terceiro,
cidadán de primeira con pasaporte diplomático,
con pasaporte...
con pasaporte...
Dádeme un arma
Cunha soa bala.
E virade ben o tambor,
Que eu...

XOGUEI

A MIÑA VIDA
AOS DADOS
E
ASÍ
QUERO
AFRONTAR
O AZAR
DA MORTE!

Óese o forte estoupido dun revolver disparado preto.